

MARY WOLLSTONECRAFT

Maria
ou
Os males da muller

Traducido por
María Fe González Fernández



Hugin e Munin

I

Con frecuencia se teñen descrito moradas do horror e castelos cheos de espectros e quimeras, conxurados polo feitizo máxico do xenio creador co fin de torturar a alma e absorber a mente inqueda. Mais, formados como están os soños de tal materia⁵, que eran esas descrições comparadas coa mansión da desesperación, nun recanto da cal se atopaba sentada Maria, tratando de lembrar os seus pensamentos espaxados?

A sorpresa e a estupefacción, que abeiraban a loucura, semellaba que deixaran suspendidas as súas facultades, até que, ao espertar de maneira paulatina nesa tolemia unha intensa sensación de angustia, un remuíño de rabia e indignación reavivou o seu pulso esmorecido. Sucedíanse as lembranzas unha tras outra a unha velocidade vertixinosa, e ameazaban con facer estourar o seu cerebro e convertela na perfecta compañeira para os terroríficos habitantes daquel lugar, cuxos berros e xemidos non eran os sons insubstanciais dos ventos que asubían, e tampouco non os chíos dos paxaros asustados, modulados por unha fantasía romántica, que divirten ao tempo que asustan, senón eses laios tristes que instalan directamente no corazón unha terrible certeza. Que efecto deberon producir nela,

⁵N. da T. William Shakespeare: «*We are such stuff / As dreams are made on; and our little life / Is rounded with a sleep*», *The Tempest*, IV, I, 156-158.

tan sensible como era ao trato compasivo e torturada polo temor maternal!

A imaxe da súa criatura aparecíasele seguido e lembraba o seu primeiro riso como só unha nai –unha desgraciada nai– pode imaxinar. Oíaa medio balbucir medio rular e sentía os seus dedíños sobre o peito ardente, un peito que revertía o alimento polo que esta prezada nena suspiraría agora en van. Podería recibir o leite materno dunha estraña, pero a Maria causáballe tristeza pensar en quen a contemplaría coa tenrura e a abnegación propias dunha nai.

As sombras en retirada de antigas penas regresaron precipitadamente en lúgubre sucesión, e semellaban estar pintadas nas paredes da súa prisión, magnificadas polo estado de ánimo co que eran percibidas. Aínda choraba pola súa nena, lamentaba que fose unha filla e anticipaba os molestos infortunios da vida que eran case inevitables ao seu sexo, á vez que temía que xa non vivise. Pensar que desaparecera da existencia resultáballe unha agonía cando empregara tanto tempo e imaxinación en expandir as súas facultades. Porén, supoñer que quedara abandonada á deriva nun mar descoñecido, non era un afliximento menor.

Tras dous días dominada por moi variadas e impetuosas emocións, Maria comezou a reflexionar con máis calma sobre a súa situación, xa que a descuberta do feito atroz do que fora vítima a incapacitara para calquera reflexión sensata. Nunca imaxinaría que, mesmo no podrecer dunha depravación civilizada, puidese acubillar semellante planamente ningunha. Ficara atordada por un golpe inesperado. No entanto, non se ía resignar indolentemente, por moi triste que a vida fose, nin aturaría o sufrimento sen enfrontarse a el con ese orgullo chamado paciencia. Até daquela só meditara para afiar o dardo da angustia e fixera desaparecer do corazón os suspiros de natureza indignada

